# Convocatoria dos premios extraordinarios de bacharelato 2017/18

O día 15 de marzo, publicouse no DOG a Orde do 27 de febreiro de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18.

Nos seguintes artigos de dita orde establécese que:

Artigo 4.
O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día 2 de maio de 2018 **(Prazo de presentación de solicitudes: 02/05/2018 - 01/06/2018)**
As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas con plena capacidade de obrar ou, se é o caso, os/as representantes legais dos/as solicitantes.
As solicitudes (anexo I) presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal
Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Para a presentación das solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).
**Nota:** Os rexistros dos centros docentes non se consideran incluídos dentro das dependencias enumeradas no parágrafo anterior, os centros non deben recoller ningunha solicitude.

Artigo8.
Os centros públicos de educación dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos que está o expediente académico do alumnado de centros privados enviarán a certificación académica de bacharelato do alumnado que non teña todo o seu expediente recollido na base de datos da aplicación XADE, na que se reflicta a cualificación final á que se refire o artigo 3.2 desta orde, asinada polo/a secretario/a co visto e prace do/a director/a.
Esta certificación enviarase ao enderezo de correo electrónico premios@edu.xunta.es

Artigo 10.
[...]
3. A celebración da proba terá lugar o día **22 de xuño de 2018** e realizarase nos lugares e no horario que se darán a coñecer mediante resolución publicada no Diario Oficial de Galicia, e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria https://www.edu.xunta.gal
[...]
(A citada resolución publicouse no DOG do 30 de abril de 2018)

Saúdos cordiais.